



Manifesto pola paz

As persoas que suscriben este manifesto, integrantes de MODEPEN, diante das preocupantes noticias que chegan sobre o conflito que manteñen Rusia e Ucraína e a escalada da tensión internacional que supón a participación no mesmo de terceiros países, entre outros o noso, queren facer públicas as seguintes consideracións:

- Estamos convencidas de que as guerras nunca son a solución dos conflitos e que somentes conlevan morte e destrución para os pobos, así como a creación de novos conflitos.
- Sabemos, por experiencia propia e allea, que, en caso de que se desate unha guerra, a sociedade civil é a máis prexudicada e que non hai garantía algunha de que a situación posterior sexa mellor.
- Consideramos que, ante unha situación tan complexa como esta, a vía diplomática, o diálogo e a negociación son as únicas e as mellores ferramentas a utilizar.
- Creemos que os dereitos humanos e a paz mundial deben estar por riba dos posibles intereses de todo tipo (políticos, económicos, xeoestratéxicos ou militares), por moi lexítimos que estes poidan parecer.
- Lembramos a opinión maioritaria que a cidadanía do Estado español manifestou non hai moito tempo ante a súa participación nunha guerra e non creemos que mudara moito.

Por isto:

- **Facemos un chamamento ás partes involucradas no conflito para que se esforcen en acadar unha solución pactada.**
- **Emprazamos aos nosos representantes políticos a sumarse a este esforzo e, en todo caso, a non participar económica nin militarmente en caso de conflito armado.**
- **Recuperamos e facemos nosos os berros: Non á guerra! Non no meu nome!**